



Concello de Ortigueira

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

Expediente: 902/2024

Na casa do Concello, ás trece horas e corenta e cinco do día vinte e sete de xuño de 2024 reúnen, por medios telemáticos mediante videoconferencia, a Mesa de Contratación prevista no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP), modificada mediante resolución da Alcaldía número 2024-0583 e que consta publicada no perfil do contratante o 9 de xuño de 2024 .

A finalidade é proceder á cualificación da documentación achegada pola licitadora Producciones EMSAC S.L e, no seu caso, clasificar e adxudicar o contrato, no procedemento aberto simplificado urxente que se tramita para a adxudicación do contrato de servizos técnicos, escenario e outros para o Festival Internacional do Mundo Celta do ano 2024.

Asisten os seguintes membros da Mesa:

-Presidente: Jaime Vicente Ponce Piñón: concelleiro delegado de Urbanismo, Medio Ambiente e Medio Rural

-Vogais:

- María Luisa Sierra Vale: secretaria accidental do Concello
- Silvia Lamelas Soto: interventora do Concello
- Alberto José Balboa Rodríguez, técnico de Deportes e coordinador do Festival do Mundo Celta de Ortigueira

-Secretaria: Iria Ponte Reiriz: técnica de Administración Xeral de Secretaría

A orde do día é a seguinte:

1. Aprobación das actas das sesións do 11 e do 20 de xuño de 2024

2. Exame da documentación achegada pola licitadora Producciones EMSAC S.L xustificativa cumprimento de requisitos para resultar adxudicataria

3. Proposta de adxudicación

Polo presidente declarase constituída a Mesa de Contratación por reunirse o quórum requirido,

1. Aprobación das actas das sesións do 11 e do 20 de xuño de 2024

Observacións: ningunha

2. Exame da documentación achegada pola licitadora Producciones EMSAC S.L xustificativa cumprimento de requisitos para resultar adxudicataria

No requirimento efectuado o 21 de xuño de 2024 (número de rexistro S-RE-1162) se lle solicita a achega da seguinte documentación e no seguinte prazo:

1. **Prazo máximo de TRES DÍAS HÁBILES**, contados a partir do envío da presente resolución con aviso a dirección de correo electrónico indicado:

-Acreditación de presentación da solicitude de inscrición no correspondente Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público ou no correspondente da Comunidade Autónoma, sempre que a devandita solicitude sexa de data anterior á data final de presentación das ofertas. (codigo F701A)

-Acuse de recibo da solicitude con código F701A emitido polo correspondente Rexistro. A devandita solicitude ten que ser de data anterior á data de presentación das ofertas.

-Declaración responsable ter achegado a documentación preceptiva para a inscrición no



Concello de Ortigueira

registro de contratistas da comunidade autónoma de Galicia e non ter recibido requirimento de corrección.

2. **Prazo máximo de CINCO DÍAS HÁBILES** contados a partir do envío da presente resolución con aviso á dirección de correo electrónico indicado

-Documentación a que se refire a cláusula 23.B do PCAP, así como a 24 para a constitución da garantía definitiva.

Polo que se refire ao primeiro punto, dáse conta do envío efectuado con data 24 de xuño (número de registro E-RE-1376 e 1378), no que achega o seguinte:

-Solicitud de inscrición no registro de contratistas da comunidade autónoma de Galicia (código de procedemento FA701A) de data 4 de abril de 2024 e asinada polo representante legal da empresa. Esta data é anterior á de presentación das ofertas.

-Xustificante de acuse de recibo da solicitud emitida polo correspondente registro.

-Declaración responsable asinada polo representante legal da empresa de ter enviado a documentación preceptiva e non ter recibido requirimento de corrección.

Sendo as dúas horas, a mesa decide continuar a sesión o 28 de xuño ás nove horas a efectos de cualificar a documentación referida ao segundo punto.

Continúa a sesión ás nove horas do día 28 de xuño de 2024, existindo quórum suficiente.

Xa que logo, no tocante ao segundo punto, a interesada achega o 26 e 27 de xuño (número de registro 2024-E-RE-1396 e 2024-E-RE-1403) a documentación que estimou oportuna en cumprimento da mesma. A mesa a analiza e declara que é correcta

Tendo en conta o anterior, a mesa de contratación acorda:

Primeiro.- DECLARAR que PRODUCCIONES EMSAC SL xustifica o cumprimento de reunir os requisitos para resultar adxudicatario do contrato de servizos técnicos, escenario e outros para o Festival Internacional do Mundo Celta 2024

Segundo.- Proponer ao órgano de contratación a favor de PRODUCCIONES EMSAC SL a adxudicación dos lotes incluídos no contrato de servizos técnicos para o Festival Internacional do Mundo Celta 2024, con suxeición ao prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas, no seguinte prezo:

Lote 1.- Escenario e plataformas. Prezo 29719,15 € + 6241,02 de IVE=35960,17

Lote 2.- Sonido, iluminación, pantallas e infraestructuras, backstage e persoal técnico. Prezo 61039,99 € + 12818,40 IVE=73858,39 €

E non habendo máis asuntos que tratar, o presidente levanta a sesión sendo as nove horas e seis minutos, estendéndose a presente acta, do que, como secretaria da Mesa, certifico

